

Resolución do 28 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se adjudica o financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009, ao abeiro da resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 22 de decembro de 2008.

A xefa territorial accidental da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Ourense, por delegación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, resolve adjudicar as cantidades propostas polo Gabinete de Normalización Lingüística que se reflicten a continuación:

Expediente	Centro	Concello	Concedido
OUPR001	CPR Madre de Dios	Barbadás	933,00
OUPR002	CPR Divina Pastora	O Barco de Valdeorras	827,00
OUPR003	CPR Sagrado Corazón	O Carballiño	721,00
OUPR004	CPR Vila do Arenteiro	O Carballiño	625,00
OUPR005	CPR Sagrado Corazón	Celanova	599,00
OUPR006	CPR Concepción Arenal	Ourense	753,00
OUPR007	CPR Divina Pastora	Ourense	1.092,00
OUPR008	CPR Divino Maestro	Ourense	562,00
OUPR009	Colexio La Purísima	Ourense	535,00
OUPR010	CPR María Auxiliadora	Ourense	2.500,00
OUPR011	CPR San José (Josefinas)	Ourense	604,00
OUPR012	CPR San Pío X	Ourense	488,00
OUPR013	CPR Santa María (Maristas)	Ourense	663,00
OUPR014	Colexio Santa Teresa de Jesús (Carmelitas)	Ourense	901,00
OUPR015	CPR Santo Anxo	Ourense	525,00
OUPR016	Postal Escuela de Negocios	Ourense	400,00
OUPR017	CPR Guillermo Brown	O Pereiro de Aguiar	822,00
OUPR018	Colexio Miraflores	O Pereiro de Aguiar	482,00
OUPR019	CPR Pablo VI Fátima	A Rúa	398,00

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes, perante a Secretaría

Xeral de Política Lingüística ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.

Ourense, 28 de maio de 2009.

Rosa María Nóvoa Vega
Xefa territorial accidental de Ourense

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre de 2009.

O artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esta obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral no primeiro cuadrimestre de 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

P.A. (Orde 4-5-2009)

Cristina Ortiz Dorda

Secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar

ANEXO

Convenio	Obxecto	Importe achegado polo ISSGA	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a <i>Fundación Laboral da Construción</i> (FLC) de asesoramento e asistencia técnica en materia de prevención de riscos para o asesoramento e asistencia técnica en materia de prevención de riscos laborais no sector da construción.	Establecer canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades laborais, dirixidas tanto a empresas como traballadores que desempeñan a súa profesión ou oficio dentro do sector da construción ou de sectores afíns a este, incluídos no marco normativo do IV Convenio colectivo xeral do sector da construción	0,00 €	11-2-2009
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o Centro Tecnolóxico do Mar - <i>Fundación CETMAR</i> para o desenvolvemento de actividades de formación permanente.	Establecer canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de intercambio e difusión de experiencias e boas prácticas en materia de formación continua no sector pesqueiro e no eido da formación permanente para a seguridade e saúde laboral, no marco do proxecto Grundvng-FEP que está en marcha desde outubro de 2008, e no que participa CETMAR.	0,00 €	7-4-2009

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 4 de xuño de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 535/2008, interposto por Santiago Carballo García.

A Dirección Xeral da Función Pública recibíu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 535/2008, interposto por Santiago Carballo García, contra a Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B) (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da